




CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Programa Benestar en Balnearios



Aberto o prazo para solicitar praza no programa “Benestar en Balnearios 2024” da Xunta

BALNEARIOS NA MODALIDADE DE “todo incluído” E PREZOS POR PRAZA

Balneario de Acuña - <i>Caldas de Reis</i> – (Pontevedra).- 349,89 €/praza
Arnoia Caldaria Hotel Balneario – A Arnoia - (Ourense).- 377,89 €/praza
Iberik Augas Santas Balneario – <i>Ferreira de Pantón</i> – (Lugo).- 377,89 €/praza
Os Baños da Brea – <i>Vila de Cruces</i> – (Pontevedra).- 349,89 €/praza
Iberik Gran Balneario Guitiriz – <i>Guitiriz</i> – (Lugo).- 377,89 €/praza
Balneario Hotel Dávila – <i>Caldas de Reis</i> – (Pontevedra).- 349,89 €/praza
Gran Balneario do Carballiño – <i>O Carballiño</i> – (Ourense).- 269,17 €/praza
Baños Vellos de Carballo, S.A – <i>Carballo</i> – (A Coruña).- 349,89 €/praza
Termas de Cuntis – <i>Cuntis</i> – (Pontevedra).- 377,89 €/praza
Laias Caldaria, Hotel Balneario – <i>Cenlle</i> – (Ourense).- 377,89 €/praza
Lobios Caldaria, Hotel Lusitano – Lobios – (Ourense).- 349,89 €/praza
Hotel Balneario do Tremo- Brión – (A Coruña).- 377,89 €/praza
Balneario do Río Pambre – <i>Palas de Rei</i> – (Lugo).- 349,89 €/praza
Balneario Termas de Lugo – <i>Lugo</i> .- 377,89 €/praza
Balneario Mondariz – (Mondariz Balneario) – Pontevedra.- 377,89 €/praza



QUENDAS

As quendas varían segundo o balneario solicitado e van dende:
o 17 de xullo e o 17 decembro do ano 2024.

Requisitos:

1. Ser maior de 60 anos ou de 55 reunindo a condición de pensionista da Seguridade Social.
2. Estar empadroado e residir na Comunidade Autónoma de Galicia
3. Valerse por si mesma, estar en condicións de participar, non padecer alteracións do comportamento que afecten a convivencia, nin enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
4. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
5. Reunir os requisitos establecidos, na data en que remate o prazo de presentación da solicitude.
6. Acadar a puntuación, segundo o baremo, que lles permita acceder a unha das prazas solicitadas.
7. A persoa solicitante poderá ir acompañada do/da cónxuxe, parella de feito ou persoa coa que teña unha relación análoga á conxugal, **sempre que cumpra os mesmos requisitos excepto o da idade**.
8. Tamén poderán participar os/as fillos/as que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre e cando non necesiten apoio de 3ª persoa, se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitores e, cumpran os requisitos citados **excepto o da idade**. Así como, por outra persoa calquera, sempre que cumpra todos os requisitos.

Documentación:

- Anexos I, II e III, de ser o caso.
- A copia do libro de familia, no caso de que a persoa solicitante vaia acompañada do/a fillo/a con discapacidade e, o certificado de discapacidade deste, se non foi expedido pola Xunta.
- DNIs do solicitante, cónxuxe ou acompañante e, do/a fillo/a con discapacidade, se é o caso.
- Contías das pensións ou ingresos mensuais percibidos, para cubrir a solicitude.

Prazo e lugar de solicitudes: as solicitudes achegaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, así como, opcionalmente en soporte papel. **O prazo remata o 17 de xullo de 2024**, poderán informarse nas dependencias de Servizos Sociais e Igualdade do Concello.

Camariñas, 21 de xuño de 2024

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade.

Begoña Tajés Méndez

Este documento ten exclusivamente carácter divulgativo sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante.